

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE FIN DE MESTRADO

A Universidade de Santiago de Compostela ten competencias para expedir o título de mestrado, así como para promover a utilización da lingua galega.

Co obxectivo de que a lingua galega sexa de uso normal na redacción e defensa dos traballos de fin de mestrado, convócanse axudas para a realización dos mesmos, cun compoñente económico e de apoio do Servizo de Normalización Lingüística, de acordo coas seguintes

BASES

1 DESTINATARIOS

Poden acceder a estas axudas os estudantes de mestrado que realicen a redacción e defensa do traballo de fin de mestrado en lingua galega durante o ano 2010.

2 CONTÍA DAS AXUDAS

A contía das axudas comprenderá o aboamento dos gastos de fotocopiado e encadernación do traballo ata un máximo de 150 €.

O importe máximo global do conxunto das axudas será de 3 000 € para o presente ano 2010, que se repartirán entre os solicitantes, respectando en calquera caso o máximo estipulado no parágrafo anterior.

3 SOLICITUDES, CONCESIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

As solicitudes presentaranse ata o 31 de decembro de 2010 no Rexistro Xeral, sempre con

posterioridade á lectura e defensa do traballo de fin de mestrado, segundo o modelo que se acompaña no anexo I.

A estas solicitudes acompañaráselles:

- a) Xustificantes dos gastos de fotocopiado e encadernación do traballo.
- b) Declaracións do director do traballo e doutro membro do tribunal de que a redacción e defensa do mesmo se realizou en lingua galega.
- c) Datos bancarios do solicitante.
- d) Fotocopia do DNI.

A concesión da axuda farase unha vez comprobado que reúne os requisitos esixidos. Se con posterioridade se comprobase a inexactitude ou falsidade do declarado, producirase a revogación automática da axuda.

A resolución farase no primeiro trimestre do ano seguinte ao da convocatoria, e comunicaráselle mediante mensaxe electrónica ao interesado.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria á conta indicada na solicitude.

4 APOIO Á REDACCIÓN DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

Para todos os interesados en redactar e defender o seu traballo de fin de mestrado en lingua galega, a Universidade de Santiago de Compostela, por medio do seu Servizo de Normalización Lingüística, ofrece apoio lingüístico e informativo que se concreta no seguinte:

- a) Servizo de consulta lingüística e terminolóxica.
- b) Asesoramento para a corrección lingüística do traballo.

5 RECURSOS

Esta convocatoria e os actos singulares que como consecuencia dela se produzan, serán impugnables polos medios establecidos na lexislación de procedemento administrativo.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2010

O reitor,

Senén Barro Ameneiro